

TEMPO «PER ANNUM»

O Domingo primeiro é a festa do Bautismo do Señor: cf. núm. 21.

DOMINGO II ORDINARIO

66.-

PRIMEIRA LECTURA

Alégrase o esposo pola súa esposa

Lectura do libro do profeta Isaías 62, 1-5

Por amor de Sión non calarei,
por amor de Xerusalén non acougarei,
ata que rompa coma o día a súa xustiza,
e alume coma unha lámpada a súa salvación.

Os pobos verán a túa xustiza
e tódolos reis a túa gloria,
chamaráseche cun nome novo,
que a boca do Señor pronunciará.

Serás coroa preciosa na man do Señor,
diadema rexia na man do teu Deus.

Non se che volverá a chamar «Abandonada»,
nin á túa terra «Desolada».

A ti han chamarche «Miña predilecta»,
e á túa terra «Desposada»,
porque o Señor comprácese en ti,
e a túa terra vai ter esposo.

Como casa un mozo cunha virxe,
casa contigo o teu Constructor.
O gozo que sente o noivo pola noiva,
sentirao o teu Deus por ti.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 95, 1-2a. 2b-3. 7-8a. 9-10a e c (R.: 3)

R.: Anunciade ante tódolos pobos as marabillas do Señor.

Cantádelle ó Señor un cántico novo,
cantádelle ó Señor, a terra enteira;
cantádelle ó Señor, bendicidé o seu nome. R.

Pregoade tódolos días a súa salvación.
Anunciade entre as xentes a súa gloria;
ante tódolos pobos, as súas marabillas. R.

Tributade ó Señor, pobos todos,
tributade ó Señor honor e forza,
tributade ó Señor a gloria do seu nome. R.

Adorade o Señor no adral sagrado,
trema na súa presenza a terra enteira.
Dicide entre as xentes:
«O Señor é rei, el goberna os pobos rectamente.» R.

SEGUNDA LECTURA

O mesmo Espírito vai repartindo a cada un como a El lle parece

Lectura da primeira carta do apóstolo san Paulo ós Corintios

12, 4-11

Irmáns:

Hai diversidade de dons, pero un mesmo Espírito. Hai diversidade de servicios, pero un mesmo Señor. Hai diversidade de realizacións, pero un mesmo Deus, que realiza todo en todos.

A cadaquén dáelle a manifestación do Espírito para o ben común. A un o Espírito dálle palabra de sabedoría; a outro dálle palabra de ciencia o mesmo Espírito; a aqueloutro o mesmo Espírito concédelle fe.

A un este mesmo Espírito dálle o don de curacións; a outro, o don de facer milagres; a outro, o don dunha mensaxe inspirada; a outro, discernimento de espíritos.

A un, don de falar distintas linguas; a outro, o saber traducir esas linguas. Pero todo isto é un e o mesmo Espírito quen o realiza, repartindo a cada un en particular, como a El lle parece.

Palabra do Señor.

Aleluia Cf. 2 Tes 2, 14

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Deus chamounos por medio do Evanxeo
para logrármola gloria do noso Señor Xesús Cristo.
Aleluia.

EVANXEO

Foi así como fixo Xesús o primeiro dos signos en Caná de Galilea

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 2, 1-11

Naquel tempo, houbo un casamento en Caná de Galilea, e estaba alí a nai de Xesús. Tamén foi convidado Xesús e mailos seus discípulos ó casamento.

Chegou a falta-lo viño e a nai de Xesús díxolle:

—«Non che teñen viño.»

Replicoulle Xesús:

—«Muller ¿que ten que ver iso comigo e contigo? Aínda non chegou a miña hora.»

Súa nai díxolles entón ós servidores:

—«Facede o que el vos diga.»

Había alí seis tinas de pedra para as purificacións dos xudeus, que levaban ó pé de cen litros cada unha. E ordenoulles Xesús:

—«Enchede de auga as tinas.»

Eles enchéronas de todo.

Díxolles entón:

—«Collede agora e levádelle a proba ó mestresala.»

Eles levárona. E, cando o mestresala probou a auga volta viño, sen saber de onda viña (os servidores si que o sabían, que eles colleran a auga) falou co noivo e díxolle:

—«Todo o mundo pon de primeiras o viño bo e, cando xa están bébedos, o máis cativo; ti, en troques, deixáche-lo viño bo para agora.»

Foi así como fixo Xesús o primeiro dos signos en Caná de Galilea; manifestou a súa gloria, e creron nel os seus discípulos.

Palabra do Señor.

DOMINGO III ORDINARIO

69.-

PRIMEIRA LECTURA

Os levitas lían no libro da Lei e explicaban o que lían

Lectura do libro de Nehemías 8, 2-4a. 5-6. 8-10

Naqueles días, o sacerdote Esdras trouxo o libro da Lei diante da asemblea de homes e mulleres e de tódolos que eran capaces de pensar. Era o primeiro día do sétimo mes.

Na praza que está diante da porta das Augas, el leu no libro en voz alta, desde o amencer ata o mediodía, en presenza dos homes e das mulleres e de todos aqueles que eran capaces de pensar, e todo o pobo estaba atento á lectura do libro da Lei.

O escriba Esdras púxose en pé sobre unha tarima de madeira, preparada con esta ocasión. Esdras abriu o libro á vista de todo o pobo, pois sobresaía entre todos na asemblea, e cando o abriu, o pobo púxose en pé.

Entón Esdras bendiciu o Señor, o gran Deus, e todo o pobo, levantando as mans, respondeu:

—«Amén, amén.»

Despois inclináronse e, prostrados no chan, adoraron ó Señor.

Os levitas lían no libro da Lei de Deus, pronunciando claro, e interpretaban o sentido, explicando o que lían.

Entón o gobernador Nehemías, o sacerdote e escriba Esdras, e os levitas que explicaban a Lei ó pobo, dixeron a toda a asemblea:

—«Este día está consagrado ó Señor, voso Deus; cesade no voso pranto, non choredes máis (pois todo o pobo choraba ó oí-las palabras da Lei).»

E engadiron:

—«Ídevos, comedede boas talladas, bebede viños doces e leváde-lles tamén ós que non teñen nada preparado, pois este día está con-

sagrado ó noso Señor; non andedes apenados, porque o gozo do Señor é a vosa forza.»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 18, 8. 9. 10. 15 (R.: Xn 6, 63c)

R.: As túas palabras, Señor, son Espírito e vida.

A lei do Señor é perfecta:
reconforta a alma;
a declaración do Señor é firme:
fai sabio ó inxenuo. **R.**

Os mandatos do Señor son rectos:
aledan o corazón;
o precepto do Señor é limpo:
ilumina os ollos. **R.**

A vontade do Señor é pura:
permanece por sempre;
as decisións do Señor son verdadeiras:
enteiramente xustas. **R.**

Dígnate acepta-la palabra da miña boca
e o sentir do meu corazón:
¡Señor, ti e-la miña rocha, o meu redentor! **R.**

SEGUNDA LECTURA

Vós sodes corpo de Cristo e tamén membros, cada un pola súa parte

Lectura da primeira carta do apóstolo san Paulo ós Corintios

12, 12-30

Irmáns:

Igual que o corpo, sendo un, ten moitos membros e todos estes membros, con seren moitos, non fan máis dun corpo, así tamén Cristo.

Porque a todos nos bautizaron nun único Espírito, para formarmos un único corpo: tanto xudeus coma gregos, tanto escravos coma libres. E a todos se nos deu a beber un único Espírito.

Pois ben, xa que o corpo non está formado por un único membro senón por moitos, se o pé dixer: «Como non son man, eu non son do corpo», non por iso deixaba de ser do corpo. E se o oído dixer: «Como non son ollo, eu non son do corpo», non por iso deixaba de ser do corpo. Se todo o corpo fose ollo, ¿onde estaría o oído? Se fose todo oído, ¿onde estaría o ulido?

Ora, foi Deus quen puxo os membros, colocando cada un deles no corpo como El quixo. Se todo fose un único membro, ¿onde estaría o corpo? En realidade, hai moitos membros, pero un corpo só. O ollo non lle pode dicir á man: «Non preciso de ti», nin a cabeza ós pés: «Non preciso de vós.» Todo o contrario: os membros do corpo que parecen máis débiles son os máis necesarios; e os que temos por menos decorosos, cubrímolos con máis decoro; e os menos honestos tratámolos con máis recato; cousa que non precisan os honestos.

Deus dispuxo o corpo dándolle máis honor ó máis privado del, para que non haxa discordia no corpo; senón que, ó revés, os membros se preocupen por igual uns dos outros. E así, cando padece un membro, todos padecen con el; cando a un membro o tratan ben, todos se alegran con el.

Ben, pois vós sodes corpo de Cristo e tamén membros, cada un pola súa parte. Na Igrexa dispuxo Deus primeiro apóstolos, logo profetas, en terceiro lugar mestres. Despois os que teñen poder de facer milagres; finalmente os que teñen don de curacións, de asistencia, de goberno, de falar distintas linguas.

¿Ou é que todos son apóstolos? ¿Todos son profetas? ¿Todos son mestres? ¿Todos fan milagres? ¿Todos teñen o don de curar? ¿Todos falan en moitas linguas? ¿Todos saben interpretar?

Palabra do Señor.

Ou máis breve:

Lectura da primeira carta do apóstolo san Paulo ós Corintios

12, 12-14. 27

Irmáns:

Igual que o corpo, sendo un, ten moitos membros e todos estes membros, con seren moitos, non fan máis dun corpo, así tamén Cristo.

Porque a todos nos bautizaron nun único Espírito, para formarmos un único corpo: tanto xudeus coma gregos, tanto escravos coma libres. E a todos se nos deu a beber un único Espírito.

Pois ben, xa que o corpo non está formado por un único membro senón por moitos, vós sodes corpo de Cristo e tamén membros, cada un pola súa parte.

Palabra do Señor.

Aleluia Lc 4, 18

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Mandoume o Señor evanxeliza-los pobres;
a predicárlle-la liberación ós cativos.

Aleluia.

EVANXEO

Hoxe cumpriuse esta Escritura

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 1, 1-4; 4, 14-21

Ilustre Teófilo:

Posto que moitos emprenderon a tarefa de narrar axeitadamente os feitos ocorridos entre nós, tal como nolos transmitiron desde o principio as testemuñas oculares e mailos predicadores da palabra, decidín eu tamén, despois de me informar con tino desde as orixes, escribirchos ordenadamente para ti, a fin de que coñezas ben a firmeza das ensinanzas nas que te instruíron.

Naquel tempo, coa forza do Espírito Santo, Xesús volveu a Galilea, e a súa sona estendeuse por toda a redonda.

Ensinaba nas sinagogas, e todo o mundo dicía moito ben del.

Chegou a Nazaret, onde se criara, e o sábado entrou, como estaba afeito, na sinagoga. Ergueuse para face-la lectura, e déronlle o libro do profeta Isaías. Abriuno e atopou unha pasaxe que dicía:

«O Espírito do Señor está sobre min
porque El foi quen me unxiu
para proclamárlle-la Boa Nova ós pobres.

Mandoume para lles anuncia-la liberación
ós secuestrados e a vista ós cegos,
para lles dar liberdade ós asoballados,
e proclama-lo ano de gracia do Señor.»

Pechando o libro, devolveullo ó encargado e sentou. Tódolos ollos da sinagoga enteira estaban fixos nel. Logo empezoulles a dicir:

—«Hoxe cúmprese diante de vós esta pasaxe da Escritura.»

Palabra do Señor.

DOMINGO IV ORDINARIO

72.-

PRIMEIRA LECTURA

Fíxente profeta para as nacións

Lectura do profeta Xeremías 1, 4-5. 17-19

Nos días de Iosías, a palabra do Señor veume dicir:

«Antes de te sacar do seo da túa nai, mireite;
antes de lle saíres das entrañas, consagreite;
constituínte profeta para as nacións.

Pero ti has cingui-lo teu van,
has erguerte e dicirlles
todo o que eu che mande.

Non te acovardes por medo deles,
non sexa que eu te faga esmorecer diante deles.

Fíxate: hoxe convértote en cidade cortada a pico,
en columna de ferro, en muralla de bronce, para todo o país,
para os reis de Xudá e para os seus príncipes,
para os seus sacerdotes e para a xente do campo.

Faranche guerra, pero non poderán contigo,
pois contigo estou eu para te salvar —é o Señor quen fala—.»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 70, 1-2. 3-4a. 5-6ab. 15ab e 17 (R.: cf. 15 ab)

R.: A miña boca pregoa a túa salvación, Señor.

Abrígame en ti, Señor,
que endexamais me vexa defraudado;
líbrame pola túa xustiza, e deféndeme;
inclínate cara a min, e sálvame;
ven axiña, ven librame. R.

Sexas para min a rocha que me defende,
o forte castelo onde me salve,
xa que ti e la miña fortaleza e o meu refuxio.
Rescátame, meu Deus, do poder dos malvados. **R.**

Ti es, Señor, a miña esperanza;
ti, Señor, a miña confianza desde a mocidade.
Desde o nacemento apóiome en ti,
desde o seo materno ti e-lo meu amparo. **R.**

A miña boca pregoa a túa xustiza,
pregoa decote a túa salvación.
Dende a miña mocidade ensináchesme, oh Deus,
e aínda hoxe canto os teus prodixios. **R.**

SEGUNDA LECTURA

**Permanecen a fe, a esperanza, e o amor;
pero delas a meirande é o amor**

Lectura da primeira carta do apóstolo san Paulo ós Corintios

12, 31—13, 13

Irmáns:

Cobizade os carismas mellores. Pero aínda vos hei mostra-lo camiño por excelencia.

Por moito que eu falase as linguas todas dos homes e as dos anxos, se non tiver amor, non sería máis ca un bronce que resoa ou un pandeiro que repenica.

Por moito que eu falase inspirado e comprendese tódolos misterios e mais toda a ciencia e tivese tanta fe que movese os montes, se non tiver amor, non sería nada.

Por moito que eu reparta todo o que teño e me deixe queimar vivo, se non tiver amor, non me sería de proveito ningún.

O amor é de corazón grande, é servicial. O amor non ten envexa, non ten fachenda, non se ensoberbece; non é malcriado, non busca a súa comenencia, non se alporiza, non garda malicia; non simpatiza coa inxustiza, senón que se alegra coa verdade. Desculpa sempre, fíase sempre, espera sempre, atura sempre.

O amor non pasa endexamais; mentres que as profecías desaparecerán, as linguas calarán, a ciencia acabará. Porque a nosa cien-

cia é limitada, e limitada é a nosa inspiración: e cando veña o perfecto, desaparecerá o limitado.

Cando eu era neno, falaba coma un neno, pensaba coma un neno, razoaba coma un neno; cando cheguei a home, deixei de lado as cousas de neno.

Do mesmo xeito: agora vemos nun espello, escuramente; pero daquela habemos ver cara a cara. Agora coñezo dun modo incompleto; pero daquela hei coñecer tan ben coma Deus me coñece a min.

En resumo: hai tres cousas que permanecen: a fe, a esperanza, e o amor. Pero delas a meirande é o amor.

Palabra do Señor.

Ou máis breve:

Lectura da primeira carta do apóstolo san Paulo ós Corintios

13, 4-13

Irmáns:

O amor é de corazón grande, é servicial. O amor non ten envexa, non ten fachenda, non se ensoberbece; non é malcriado, non busca a súa comenencia, non se alporiza, non garda malicia; non simpatiza coa inxustiza, senón que se alegra coa verdade. Desculpa sempre, fíase sempre, espera sempre, atura sempre.

O amor non pasa endexamais; mentres que as profecías desaparecerán, as linguas calarán, a ciencia acabará. Porque a nosa ciencia é limitada, e limitada é a nosa inspiración: e cando veña o perfecto, desaparecerá o limitado.

Cando eu era neno, falaba coma un neno, pensaba coma un neno, razoaba coma un neno; cando cheguei a home, deixei de lado as cousas de neno.

Do mesmo xeito: agora vemos nun espello, escuramente; pero daquela habemos ver cara a cara. Agora coñezo dun modo incompleto; pero daquela hei coñecer tan ben coma Deus me coñece a min.

En resumo: hai tres cousas que permanecen: a fe, a esperanza, e o amor. Pero delas a meirande é o amor.

Palabra do Señor.

Aleluia Lc 4, 18

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

O Señor mandoume evanxeliza-los pobres;
a predicárllle-la liberación ós cativos.

Aleluia.

EVANXEO

Xesús, coma Elías e Eliseo, non é mandado soamente para os xudeus

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 4, 21-30

Naquel tempo, empezoulles a dicir Xesús na sinagoga:

—«Hoxe cúmprese diante de vós esta pasaxe da Escritura.»

E todos se lle puxeron á contra, estrañados polas palabras de gracia que saían da boca del. E dicían:

—«¿Pero non é este o fillo de Xosé?»

El díxolles:

—«Seguramente me recordaredes aquel refrán: “Médico, cúrate a ti mesmo”; todo canto oímos que fixeches en Cafarnaúm, faino aquí na túa terra.»

Pero el continuou:

—«Asegúrovos que ningún profeta é ben recibido na súa terra. Tede por seguro que no tempo de Elías había moitas viúvas en Israel, cando o ceo estivo pechado durante tres anos e seis meses e unha gran fame anegou todo o país; e a ningunha delas mandaron a Elías, senón a unha muller viúva de Sarepta, en Sidón.

E moitos gafos había en Israel no tempo de Eliseo, o profeta, e a ningún deles curou, fóra de Naamán, o sirio.»

Oíndo estas cousas, tódolos que estaban na sinagoga puxéronse feitos unhas feras; así que, erguéronse, botárono fóra da vila, levárono ata o alto do monte no que está edificada, coa intención de o precipitaren embaixo. Pero el botou a andar polo medio deles e marchou.

Palabra do Señor.

DOMINGO V ORDINARIO

75.-

PRIMEIRA LECTURA

Aquí me tes, mándame

Lectura do libro do profeta Isaías 6, 1-2a. 3-8

O ano da morte do rei Ozías, vin o Señor sentado nun trono alto e levantado. A orla do seu manto enchía o santuario.

De pé na súa presenza estaban dous serafíns.

Exclamaban un cara ó outro:

—«¡Santo, Santo, Santo, o Señor dos Exércitos: a terra toda está chea da súa gloria!.»

Estremecían os marcos das portas da entrada co seu clamor, e o santuario estaba cheo de fume.

Eu dixen:

—«¡Ai de min! ¡Estou perdido! Pois sendo un home de labios lixados, e que vive entre un pobo de labios lixados, vin cos meus ollos o mesmo Rei, o Señor dos Exércitos.»

Entón un dos serafíns voou onda min; tiña na súa man unha brasa que collera de enriba do altar cunhas tenaces, e achegouna á miña boca, dicíndome:

—«Olla: isto tocou os teus labios, a túa culpa desapareceu, o teu pecado está perdoado.»

Entón escoitei a voz do Señor que dicía:

—«¿A quen mandarei? ¿Quen irá da nosa parte?»

Entón díxenlle:

—«Aquí estou, mándame a min.»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 137, 1-2a. 2bc-3. 4-5. 7c-8 (R.: 1c)

R.: Hei cantar para ti diante dos anxos, Señor.

Douche gracias, Señor, de todo corazón,
hei cantar para ti diante dos anxos.
Hei prostrarme cara ó teu santo templo. R.

Dou gracias ó teu nome
pola túa misericordia e a túa fidelidade,
porque a túa promesa
é máis grande cá túa sona.
Cando te chamo, respóndesme
e acrecénta-las miñas forzas. R.

A ti, Señor, darán gracias
tódolos reis da terra
cando oian os ditos da túa boca.
Cantarán os camiños do Señor,
pois grande é a gloria do Señor. R.

Esténde-la túa man,
e libérame a túa dereita.
O Señor completará os seus favores comigo.
A túa misericordia, Señor, é para sempre,
non abandóne-la obra das túas mans. R.

SEGUNDA LECTURA

Así predicamos e así crestes vós

Lectura da primeira carta do apóstolo san Paulo ós Corintios

15, 1-11

Quero que vos acorde, irmáns, o Evanxeo que vos prediquei, que vós aceptastes, no que ficades firmes e polo que vos estades salvando (se é que o gardades tal como volo anunciei; do contrario, a vosa fe sería inútil).

Transmitinvos, xa que logo, antes de nada o que eu mesmo recibín: que Cristo morreu polos nosos pecados conforme ás Escrituras; que o sepultaron, que ó terceiro día resucitou conforme ás Escrituras e que se apareceu a Cefas e despois ós Doce.

Máis tarde apareceuse asemade a máis de cincocentos irmáns; moitos deles aínda viven, algúns xa finaron. Despois apareceuse a Santiago e logo a tódolos apóstolos.

En derradeiro lugar aparecéuseme tamén a min, coma ó nacido a deshora.

Pois eu son o menor dos apóstolos, que nin son merecente de me chamar apóstolo, xa que perseguín a Igrexa de Deus; pero pola gracia de Deus son o que son, e esa gracia que fixo comigo non ficou baleira.

Ó contrario, traballei máis ca todos eles; anque non precisamente eu, senón a gracia de Deus que está comigo. Pero, en fin, que sexa eu ou que sexan eles, así predicamos e así crestes vós.

Palabra do Señor.

Ou máis breve:

Lectura da primeira carta do apóstolo san Paulo ós Corintios

15, 3-8. 11

Irmáns:

Transmitinvos, xa que logo, antes de nada o que eu mesmo recibín: que Cristo morreu polos nosos pecados conforme ás Escrituras; que o sepultaron, que ó terceiro día resucitou conforme ás Escrituras e que se apareceu a Cefas e despois ós Doce.

Máis tarde apareceuse asemade a máis de cincocentos irmáns; moitos deles aínda viven, algúns xa finaron. Despois apareceuse a Santiago e logo a tódolos apóstolos.

En derradeiro lugar aparecéuseme tamén a min, coma ó nacido a deshora.

Pero, en fin, que sexa eu ou que sexan eles, así predicamos e así crestes vós.

Palabra do Señor.

Aleluia Mt 4, 19

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Seguídeme, di o Señor,
e farei que sexades pescadores de homes.

Aleluia.

SEGUNDA LECTURA

Déuno-la victoria por medio de Xesús Cristo

Lectura da primeira carta do apóstolo san Paulo ós Corintios

15, 54-58

Irmáns:

Cando isto corruptible se revista de incorrupción e isto mortal se revista de inmortalidade, entón cumprirase a palabra que está escrita:

«A morte foi tragada pola victoria.
Morte, ¿u-la túa victoria?
Morte ¿u-lo teu aguillón?»

O aguillón da morte é o pecado, e a forza do pecado é a Lei.

Pero deámoslle gracias a Deus, que nos dá a victoria por medio do noso Señor Xesús Cristo.

Así que, meus irmáns queridos, mantédevos firmes e inabalables; aplicádevos cada vez máis á obra do Señor, sabendo que os vosos esforzos coma cristiáns non son en balde.

Palabra do Señor.

Aleluia Flp 2, 15d. 16a

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Reluciredes coma fachos no universo,
presentando a palabra de vida.

Aleluia.

EVANXEO

Da abundancia do corazón fala a boca

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 6, 39-45

Naquel tempo, Xesús púxolles ós discípulos unha comparanza:

—«¿Acaso poderá un cego guiar a outro cego? ¿Non caerán os dous na fochanca? Non está o discípulo por enriba do mestre; anque todo discípulo que chegue a prepararse ben, será coma o seu mestre.

EVANXEO

Deixándoo todo, seguírono

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 5, 1-11

Naquel tempo, estando Xesús á beira do lago Xenesaret, mentres a xente se amoreaba ó seu arredor, escoitando a Palabra de Deus, viu dúas lanchiñas que estaban na beira do lago. Os pescadores que desembarcaran delas lavaban o aparello. Subiu a unha barca, que era de Simón, rogoulle que se apartase un pouco da terra, e desde a barca, sentado, ensinaba á xente.

Cando acabou de falar, díxolle a Pedro:

—«Voga lago adentro, e larga o aparello para pescar.»

Respondeu Simón:

—«Mestre, pasámo-la noite faenando e non demos collido un rabo de peixe, pero, xa que ti o dis, largarei o aparello.»

Así o fixeron, e colleron tal cantidade de peixe que o aparello rebentaba. Fixéronlles entón acenos ós compañeiros da outra lancha para que lles fosen botar unha man. Foron e encheron as dúas lanchas tanto que, a pouco máis, van a pique. Vendo isto, Simón Pedro botóuselle ós pés a Xesús, dicindo:

—«Señor, arreda de min, que eu son un pecador.»

Porque tanto el coma os seus compañeiros quedaron parvos con tanto peixe como colleran naquel lance. O mesmo lles pasaba a Santiago e mais a Xoán, fillos de Zebedeo, que eran compañeiros de Simón.

E díxolle Xesús a Simón:

—«Tranquilo, desde agora vas ser pescador de homes.»

Varando as barcas en terra e deixándoo todo, seguírono.

Palabra do Señor.

DOMINGO VI ORDINARIO

78.-

PRIMEIRA LECTURA

Maldito quen confía no home; bendito quen confía en Deus

Lectura do libro do profeta Xeremías 17, 5-8

Así fala o Señor:

«Maldito o home que confía no home:

pon a súa forza na carne, e retira do Señor o seu corazón.

Será coma un cardo no ermo, non verá vi-la fartura;

habitará nas pedras do deserto, terra salobre e inhabitable.

Bendito o home que confía en Deus:

a súa esperanza é o Señor.

Será coma unha árbore transplantada xunto á auga,

que bota as súas raíces para o regueiro;

non notará cando veña a seca,

e a súa follaxe estará frondosa;

nos anos de seca non terá preocupacións,

pois non deixará de dar froito.»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 1, 1-2. 3. 4 e 6 (R.: Sal 39, 5a)

R.: Ditoso aquel que ten a súa esperanza no Señor.

Benaventurado aquel

que non se guía polo consello dos malvados,

nin se detén no camiño dos pecadores,

nin senta na xunta dos burlóns,

senón que ten o seu contento na vontade do Señor

e nela remoe día e noite. **R.**

É coma árbore plantada onda os regueiros:
dá froito ó seu tempo,
as súas follas non murchan,
e todo o que fai acaba ben. **R.**

Non son así os malvados;
serán coaño que leva o vento.
Pois do camiño dos xustos coida o Señor,
mentres vai á perdición o camiño dos malvados. **R.**

SEGUNDA LECTURA

Se Cristo non resucitou, a nosa fe é inútil

Lectura da primeira carta do apóstolo san Paulo ós Corintios

15, 12. 16-20

Irmáns:

Se se predica que Cristo resucitou dos mortos, ¿como é que andan algúns de entre vós dicindo que non hai resurrección dos mortos? Pois, se os mortos non resucitan, tampouco Cristo está resucitado.

E, se Cristo non está resucitado, a vosa fe é unha ilusión: estades aínda nos vosos pecados.

Resultaría tamén que os que finaron en Cristo pereceron completamente. Ora, se a esperanza que temos en Cristo é soamente para esta vida, nós sómo-los máis dignos de compaixón entre tódolos homes.

Pero non: Cristo resucitou dos mortos, como primicia dos que adormecen.

Palabra do Señor.

Aleluia Lc 6, 23ab

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Alegrádevos e reloucade, di o Señor;
porque é grande a vosa recompensa no ceo.
Aleluia.

EVANXEO

Ditosos os pobres. ¡Ai dos ricos!

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 6, 17. 20-26

Naquel tempo, baixando Xesús cos Doce, detívose nunha valgada cun bo grupo de discípulos e numerosa xente de toda Xudea, de Xerusalén e mais de toda a ribeira de Tiro e Sidón.

Xesús, coa mirada posta nos seus discípulos, dixo:

—«Ditosos vós os pobres, porque voso é o Reino de Deus.

Ditosos os que agora pasades fame, porque Deus vos fartará.

Ditosos os que agora chorades, porque riredes.

Ditosos vós, cando vos aborrezan os homes, vos expulsen e vos aldraxen, cando poñan nas listas negras o voso nome por causa do Fillo do Home: alegrádevos nese día, brincando de gozo, porque grande será a vosa recompensa no ceo, pois así mesmo foi como os pais deles lles fixeron ós profetas.

Pero, ¡ai de vós, os ricos, porque xa acadáste-la vosa satisfacción!

¡Ai de vós, os que agora estades fartos: xa pasaredes fame!

¡Ai de vós, os que agora rides: xa choraredes e xa laiaredes!

¡Ai, cando todos falen ben de vós: o mesmo fixeron os seus pais cos falsos profetas!»

Palabra do Señor.

DOMINGO VII ORDINARIO

81.-

PRIMEIRA LECTURA

El púxote hoxe nas miñas mans, pero eu non quixen erguelas contra ti

Lectura do libro primeiro de Samuel 26, 2. 7-9. 12-13. 22-23

Naqueles días, Saúl baixou ó deserto de Zif con tres mil homes escolleitos de Israel, para buscar alí a David.

David e Abixai chegaronse de noite ó acampamento e viron que Saúl estaba deitado, durmindo no cercado, coa lanza cravada no chan, á súa cabeceira. Abner e o exército estaban deitados, durmindo ó redor.

Abixai díxolle a David:

—«Hoxe puxo Deus o teu inimigo nas túas mans. Vouno cravar contra o chan dun golpe de lanza, que non cumprirá repetir.»

David respondeulle a Abixai:

—«Non o mates, que ninguén poñería a man impunemente sobre o unxido do Señor.»

David colleu a lanza e a xerra da auga de onda a cabeceira de Saúl e fóronse sen que ninguén os vise, nin se decatase, nin espertase. Estaban todos durmidos, porque un sono do Señor caera riba deles. David pasou para a outra banda e detívose no cume do monte, deixando un longo treito entremedias. Dende alí, gritou:

—«Aquí está a lanza do rei. Que veña recollela un dos teus homes. O Señor halle ter en conta a cada un a súa xustiza e a súa lealdade, pois El púxote hoxe nas miñas mans, pero eu non quixen erguelas contra o unxido do Señor.»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 102, 1-2. 3-4. 8 e 10. 12-13 (R.: 8a)

R.: O Señor é misericordioso e clemente.

Alma miña, bendí o Señor
e todo o meu ser, o seu santo nome.
Alma miña, bendí o Señor,
non esqueza-los seus beneficios. R.

El perdoa as túas culpas
e sanda as túas doenzas;
rescata a túa vida da morte
e coróate de amor e de tenrura; R.

O Señor é misericordioso e clemente,
tardo á ira e rico en mercés.
Non nos trata conforme ós nosos erros
nin nos paga conforme ás nosas culpas. R.

Canto dista o nacente do poñente,
así arreda de nós as nosas culpas;
canto un pai ama os seus fillos,
así ama o Señor os que o temen. R.

SEGUNDA LECTURA

**O mesmo que levámo-la imaxe do home terrestre,
tamén levarémo-la imaxe do celeste**

Lectura da primeira carta do apóstolo san Paulo ós Corintios

15, 45-49

Irmáns:

O primeiro home, Adán, fixérono un ser vivo; o último Adán, un espírito que dá vida. Pero non foi primeiro o espiritual, senón o natural, e despois o espiritual.

O primeiro home, saído da terra, era terrestre; o segundo home veu do ceo. Como era o terrestre, así son os terrestres: e como é o celeste, así son os celestes.

E o mesmo que antes levámo-la imaxe do terrestre, tamén levarémo-la imaxe do celeste.

Palabra do Señor.

Aleluia Xn 13, 34

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Douvos un mandamento novo, di o Señor,
que vos amedes uns a outros como eu vos ameí.

Aleluia.

EVANXEO

Sede misericordiosos, como voso Pai é misericordioso

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 6, 27-38

Naquel tempo, díxolles Xesús ós seus discípulos:

—«A vós, que me escoitades, dígovos: Amade os vosos inimigos, facédelles ben ós que vos odian, bendicide ós que vos maldín e rogade polos que vos calumnian; ó que che zoupe nunha meixela, preséntalle a outra; e ó que che leve o manto, non o prives de levar tamén a túnica. Ó que che pida, dálle; e ó que che leve o teu, non lle reclames nada. Así que tratade a xente tal como queredes que vos traten a vós.

Se amáde-los que vos aman, ¿que facedes de máis? Os pecadores tamén aman a quen os aman a eles. E se lles facedes ben ós que vos fan ben, ¿que mérito tedes? Os pecadores fan outro tanto. E, se non emprestades máis que cando esperades cobrar, ¡poucas gracias! Os pecadores tamén se emprestan entre eles para cobraren despois outro tanto.

Vosoutros non; vós amade os vosos inimigos, facede o ben e emprestade sen esperades nada a cambio. E así teredes unha gran recompensa e seredes fillos do Altísimo, pois El é bo cos malos e desagradecidos.

Sede compasivos como o voso Pai é compasivo. Non xulguedes, e non vos xulgarán; non condenedes, e non vos condenarán; perdoade, e hanvos perdoar.

Dade, e darásevos a vós: unha boa medida —acugulada, rebor-dada, apretada— seravos botada no voso regazo; pois coa medida que midades hanvos medir a vós.»

Palabra do Señor.

DOMINGO VIII ORDINARIO

84.-

PRIMEIRA LECTURA

Antes de falar non loes a ninguén

Lectura do libro do Eclesiástico 27, 5-8 (gr. 4-7)

Tralo abaneo da peneira, queda o farelo;
tamén queda o refugallo do home cando o examinan.
As potas do oleiro saen segundo arda o forno,
un home é o que é segundo o que pensa.
Conforme o que se coide unha árbore serán os seus froitos,
e o raciocinio segundo a inclinación que un teña.
Non loes a ninguén antes de que razoe
pois tal é a proba dos homes.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 91, 2-3. 13-14. 15-16 (R.: cf. 2a)

R.: É bo honra-lo teu nome Señor.

É bo celebra-lo Señor,
e cantar ó teu nome, oh Altísimo,
pregoar de mañá a túa misericordia,
e de noite a túa fidelidade. **R.**

Os xustos florecerán coma palmeiras,
ergueranse coma cedros do Líbano.
Plantados na casa do Señor,
florecerán nos adros do noso Deus. **R.**

Aínda na vellez seguirán dando froito,
estarán cheos de zume e de vigor,
para pregoaren que o Señor é recto,
a miña rocha, en quen non hai iniquidade. **R.**

SEGUNDA LECTURA

Déuno-la victoria por medio de Xesús Cristo

Lectura da primeira carta do apóstolo san Paulo ós Corintios

15, 54-58

Irmáns:

Cando isto corruptible se revista de incorrupción e isto mortal se revista de inmortalidade, entón cumprirase a palabra que está escrita:

«A morte foi tragada pola victoria.
Morte, ¿u-la túa victoria?
Morte ¿u-lo teu aguillón?»

O aguillón da morte é o pecado, e a forza do pecado é a Lei.

Pero deámoslle gracias a Deus, que nos dá a victoria por medio do noso Señor Xesús Cristo.

Así que, meus irmáns queridos, mantédevos firmes e inabalables; aplicádevos cada vez máis á obra do Señor, sabendo que os vosos esforzos coma cristiáns non son en balde.

Palabra do Señor.

Aleluia Flp 2, 15d. 16a

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Reluciredes coma fachos no universo,
presentando a palabra de vida.

Aleluia.

EVANXEO

Da abundancia do corazón fala a boca

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 6, 39-45

Naquel tempo, Xesús púxolles ós discípulos unha comparanza:

—«¿Acaso poderá un cego guiar a outro cego? ¿Non caerán os dous na fochanca? Non está o discípulo por enriba do mestre; anque todo discípulo que chegue a prepararse ben, será coma o seu mestre.

¿Por que reparas no lixo que hai no ollo de teu irmán, e non te decatás da trabe que está no teu propio ollo? ¿Como lle poderás dicir a teu irmán: “Irmán, deixa que che quite o lixo que tes no ollo”, sen reparar na trabe que tes no teu? ¡Hipócrita! Quita primeiro a trabe do teu ollo, e logo verás mellor para quita-lo lixo do ollo de teu irmán.

Non hai árbore boa que produza froitos ruíns, nin tampouco árbore ruín que produza froitos bos. Así, cada árbore coñécese polos seus froitos. Pois dos toxos non se collen figos, nin das silveiras se vendiman uvas.

O home bo saca o ben da bondade do seu propio corazón, e o home malo saca o mal da súa maldade, pois do que reborda o corazón fala a boca.»

Palabra do Señor.

DOMINGO IX ORDINARIO

87.-

PRIMEIRA LECTURA

Cando chegue un estranxeiro, escoitaralo

Lectura do libro primeiro dos Reis 8, 41-43

Naqueles días, Salomón orou no templo, dicindo:

—«Tamén o estranxeiro, que non é do teu pobo Israel, pero que veu de terras de lonxe por razón do teu nome —pois haberá moito que falar e oír sobre a grandeza do teu nome, sobre o poder da túa man o sobre a largueza do teu brazo—, cando ese estranxeiro veña rezarche a este templo, escoita ti desde o ceo, lugar da túa morada, e fai o que o estranxeiro che pida, para que tódolos pobos do mundo coñezan o teu nome, te teman coma o teu pobo Israel, e saiban que o teu nome é invocado neste templo que eu che construí.»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 116, 1. 2 (R.: Mc 16, 15)

R.: Ide a todo o mundo e predicade o Evanxeo.

Ou:

Aleluia.

Loade o Señor, tódalas nacións,
aclamádeo, tódolos pobos. **R.**

Porque é firme connosco a súa misericordia,
e a fidelidade do Señor dura por sempre. **R.**

SEGUNDA LECTURA

**Se a estas alturas aínda estivese procurando compracer ós homes,
non sería un servo de Cristo**

Lectura do comezo da carta do apóstolo san Paulo ós Gálatas

1, 1-2. 6-10

Paulo, nomeado apóstolo non por homes nin por encomenda humana, senón por encomenda de Xesús Cristo e de Deus Pai, que o resucitou de entre os mortos, e mailos irmáns todos que están comigo, ás igrexas de Galacia:

Chámame moito a atención que así, tan correndiño, desertedes de quen vos chamou pola gracia de Cristo, para vos facerdes doutro evanxeo.

¡Non hai esoutro evanxeo! O que hai é que algúns vos andan a quenta-la cabeza coa idea de lle dar outro xeito ó Evanxeo de Cristo.

Pois mirade: ¡Malia quen vos predique un evanxeo para engadir ó que vos temos predicado, anque fosemos nós mesmos ou un anxo baixado do ceo! E volvo dici-lo mesmo que vos dixeran: a quen vos vaia cun evanxeo para engadir ó que recibistes, ¡arredádeo!

¡Que! ¿Intento eu agora quedar ben cos homes ou con Deus? ¿Ou é que loito por compracer ós homes?

Se a estas alturas aínda estivese procurando compracer ós homes, non sería servo de Cristo.

Palabra do Señor.

Aleluia Xn 3, 16

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

De tal xeito amou Deus o mundo
que lle deu o seu Fillo Unixénito;
quen cre nel, ten vida eterna.

Aleluia.

EVANXEO

Nin en Israel atopei tanta fe

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 7, 1-10

Naquel tempo, cando Xesús lle acabou de falar á xente, entrou en Cafarnaúm. Había un centurión que tiña un criado enfermo, a quen estimaba moito e que estaba á morte. Como tiña oído falar de Xesús, mandou onda el uns anciáns dos xudeus, para lle rogaren que fose salva-lo criado. Eles presentáronse a Xesús e suplicábanlle encarecidamente:

—«Merece que lle fagas isto, pois ama o noso pobo, e el mesmo nos construíu a sinagoga.»

Xesús foi con eles; mais cando xa estaba preto da casa o centurión mandou uns amigos a dicirlle:

—«Señor, non te molestes, pois non son digno de que entres baixo o meu teito; por iso coidei que non era digno de ir ó teu encontro. Abonda cunha palabra túa, e o meu criado quedará curado. Pois eu, anque son un subordinado, tamén teño homes baixo as miñas ordes, e dígolle a este “vai”, e vai; a aqueloutro “ven”, e vén; e ó meu criado “fai isto”, e faino.»

Oíndo aquilo, Xesús ficou abraiado, e virándose díxolle á xente que o seguía:

—«Asegúrovos que nin en Israel atopei tanta fe.»

E, ó voltaren á casa, os mandados atoparon san o criado.

Palabra do Señor.

DOMINGO X ORDINARIO

90.-

PRIMEIRA LECTURA

Velaí que o teu fillo vive

Lectura do libro primeiro dos Reis 17, 17-24

Naqueles días, adoeceu o fillo da muller, dona da casa. A doenza foi tan grave, que o neno deixou de alentar. A muller díxolle a Elías:

—«¿Que temos que ver un con outro, home de Deus? ¿Viñeches á miña casa para lembrarme os meus pecados e para matarme o fillo?»

Respondeulle Elías:

—«Dáme aquí o teu fillo.»

E coa mesma, colleullo do colo, subiuno ó cuarto onde el durmía e deitouno na cama. E rezoulle ó Señor, dicindo:

—«Señor, meu Deus, ¿tamén vas visitar coa desgracia a esta viúva coa que vivo, facendo que morra seu fillo?»

Logo tendeuse riba do neno por tres veces, chamando ó Señor:

—«Señor, meu Deus, fai que o alento de vida deste neno entre nel outra vez.»

O Señor escoitou a oración de Elías, e o neno comezou a alentar e reviviu. Elías colleu o neno, baixouno do seu cuarto e deullo á nai, dicindo:

—«Aí te-lo teu fillo vivo.»

A muller díxolle a Elías:

—«Agora acabo de ver que ti es un home de Deus, e que a palabra do Señor está de verdade na túa boca.»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 29, 2 e 4. 5-6. 11 e 12a e 13b (R.: 2a)

R.: Eu lóote, Señor, porque me libraches.

Eu lóote, Señor, porque me libraches
e non deixaches rirse de min os inimigos.
Sacasche do abismo a miña vida,
fixéchesme revivir,
lonxe dos que baixan ó sepulcro. R.

Cantádelle ó Señor os seus amados,
loade o seu santo nome.
O seu furor dura só un intre;
o seu favor, toda a vida.
Se hai pranto á tardiña,
ó abrente xa hai ledicia. R.

Escoita, Señor; ten compaixón de min,
Señor, ven socorrerme.
Trocáche-lo meu lamento en danza,
Señor, meu Deus, hei loarte por sempre. R.

SEGUNDA LECTURA

Reveloume o seu Fillo, para que volo predicase ós xentís

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Gálatas 1, 11-19

Fágovos saber, irmáns, que o Evanxeo que eu prediquei non é cousa de homes, xa que nin o recibín nin o aprendín de home ningún, senón que mo revelou Xesús Cristo.

Si: vós tedes oído falar das miñas andanzas de cando estaba no xudaísmo; do furor con que dera en persegui-la Igrexa de Deus; e de como adiantaba eu no xudaísmo máis ca moitos da miña raza e do meu tempo, como fanático seguidor das tradicións dos meus devanceiros.

Mais cando a Aquel, que xa desde o seo da miña nai me puxera á parte e chamou por min pola súa gracia, lle prougo revelarme o seu Fillo, para que o predicase ós non xudeus, eu —de contadiño, sen lle pedir consellos á carne nin ó sangue, sen tan sequera subir

a Xerusalén onda os que me precederan como apóstolos—, retireime a Arabia, e volvín de novo a Damasco.

De alí a tres anos subín a Xerusalén para ir coñecer a Pedro e cabo del fiquei uns quince días. E non vin a ningún outro apóstolo, fóra de Santiago, o parente do Señor.

Palabra do Señor.

Aleluia Lc 7, 16

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Un gran profeta xurdiu entre nós;

Deus visitou o seu pobo.

Aleluia.

EVANXEO

Rapaz, falo contigo: ¡érguete!

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 7, 11-17

Naquel tempo, Xesús foi a unha vila chamada Naín, acompañado dos seus discípulos e outra moita xente. Cando estaba chegando á entrada da vila, sacaban a enterrar un morto, fillo único da súa nai, que era viúva; ía acompañada por moita xente da vila. Ó vela, o Señor compadeceuse e díxolle:

—«Non chores.»

E achegándose, tocou o cadaleito —os que o levaban pararon—, e el mandou:

—«Rapaz, falo contigo: ¡érguete!»

O morto incorporouse e empezou a falar; e Xesús entregoullo á súa nai. Todos quedaron impresionados e loaban a Deus, dicindo:

—«Un gran profeta xurdiu entre nós; Deus visitou o seu pobo.»

E por toda a Xudea e a súa comarca correron estes comentarios.

Palabra do Señor.

DOMINGO XI ORDINARIO

93.-

PRIMEIRA LECTURA

Deus non tivo en conta o teu pecado: non morrerás

Lectura do libro segundo de Samuel 12, 7-10. 13

Naqueles días, Natán díxolle a David:

—«Ti es ese home. E isto di o Señor, Deus de Israel:

“Eu unxinte por rei de Israel e libbreite das mans de Saúl. Entregueiche a casa do teu señor e puxen as súas mulleres nos teus brazos. Fíxente dono de Israel e de Xudá e, por se fose pouco, deiche aínda outras cousas.

¿Por que, logo, despréza-la palabra do Señor, facendo o que el reprobá? Mátaches coa espada a Urías, o hitita, para casares coa súa muller. Matáchelo coa espada dos amonitas. Agora a espada non se afastará da túa casa. Visto que ti me desprezaches, tomando para ti a muller de Urías, o hitita.”»

David díxolle a Natán:

—«¡Pequei contra o Señor!»

E Natán díxolle:

—«O Señor perdoa o teu pecado e non morrerás.»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 31, 1-2. 5. 7. 11 (R.: cf. 5c)

R.: Perdoa, Señor, a culpa do meu pecado.

Ditoso aquel a quen lle foi perdoada a súa culpa,
a quen lle foi enterrado o seu pecado.

Ditoso aquel a quen o Señor
non lle ten en conta o delicto,
o que non leva fraude no seu espírito. **R.**

Confeseiche o meu pecado,
 non che escondín o meu delicto;
 Díxen: «Vou confesa-la miña culpa ó Señor»,
 e ti perdoáchesme a culpa e o pecado. **R.**

Ti e-lo meu amparo: gárdasme dos perigos
 e cinguesme co gozo do rescate.

Alegrádevos no Señor e reloucade os xustos,
 aclamádeo tódolos rectos de corazón. **R.**

SEGUNDA LECTURA

Vivo, xa non eu; vive en min Cristo

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Gálatas **2, 16. 19-21**

Irmáns:

Como sabemos moi ben sabido que ninguén se xustifica polas obras da Lei senón pola fe en Xesús Cristo, chegámonos tamén nós a crer en Cristo Xesús, para sermos xustificados pola fe en Cristo e non polas obras da Lei, porque polas obras da Lei non se vai xustificar ninguén.

Porque precisamente pola Lei morrín á Lei, a fin de vivir para Deus. Fiquei crucificado con Cristo e vivo: mais xa non vivo eu; é Cristo quen vive dentro de min.

E anque agora vivo unha vida mortal, vivo na fe do Fillo de Deus, que me amou e que se deu en sacrificio por min.

Eu non boto a perde-la gracia de Deus. Pero, iso si, se a xustificación nos viñese da Lei, Cristo tería morto para nada.

Palabra do Señor.

Aleluia 1 Xn 4, 10b

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Deus amounos e mandou o seu Fillo
 para que expiase os nosos pecados.

Aleluia.

EVANXEO

Perdoáronselle moitos pecados porque amou moito

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 7, 36—8, 3

Naquel tempo, un fariseo convidou a comer a Xesús; e Xesús entrou na casa del e púxose á mesa. Unha muller, coñecida como pecadora na vila, sabedora de que estaba alí, levou un frasco de alabastro con perfume de mirra, botouse por detrás ós pés del chorando, e comezou a regarllos coas bágoas; secáballos cos cabelos da súa cabeza e bicáballos mentres llos unxía co perfume.

Vendo aquilo, o fariseo que o convidara dixo para si:

—«Se este fose un profeta coñecería quen é, e que caste de muller é a que o está a tocar, unha pecadora.»

Xesús tomou a palabra e díxolle:

—«Simón, teño algo que che dicir.»

El contestou:

—«Pois dío, Mestre.»

Xesús díxolle:

—«Un prestamista tiña dous debedores; un debíalle cincocentos denarios, e o outro cincuenta. Como non tiñan con que lle pagar, perdooulles ós dous. Ora, ¿quen deles o amará máis?»

Respondeulle Simón:

—«Supoño que aquel a quen máis lle perdoou.»

El contestou:

—«Ben dito.»

E volvéndose cara á muller, díxolle a Simón:

—«¿Ti ves esta muller? Entrei na túa casa, e non me deches auga para os pés, pero ela regoumos coas súas bágoas e secoumos cos seus cabelos. Non me déche-lo bico, pero ela desde que entrou non parou de me bica-los pés. Non me unxíche-la cabeza con aceite, pero ela unxiume os pés con perfume. Por iso dígoche: moitos pecados se lle perdoaron, cando mostra tanto amor; a quen pouco se lle perdoa, pouco amor mostra.»

E díxolle a ela:

—«Os teus pecados están perdoados.»

Entón os demais convidados empezaron a comentar entre eles:

—«¿Quen é este, que mesmo pretende perdoa-los pecados?»

Pero el díxolle á muller:

—«Salvoute a túa fe, vai en paz.»

Despois disto púxose a percorrer vilas e aldeas, predicando e anunciando a Boa Nova do Reino de Deus. Ían con el os Doce e mais algunhas mulleres que el curara de doenzas e de malos espíritos: María, chamada a Madalena, curada de sete demos, Xoana, a muller de Cusa, administrador de Herodes, Susana e outras moitas que o servían cos seus bens.

Palabra do Señor.

Ou máis breve:

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 7, 36-50

Naquel tempo, un fariseo convidou a comer a Xesús; e Xesús entrou na casa del e púxose á mesa. Unha muller, coñecida como pecadora na vila, sabedora de que estaba alí, levou un frasco de alabastro con perfume de mirra, botouse por detrás ós pés del chorando, e comezou a regarllos coas bágoas; secáballos cos cabelos da súa cabeza e bicáballos mentres llos unxía co perfume.

Vendo aquilo, o fariseo que o convidara dixo para si:

—«Se este fose un profeta coñecería quen é, e que caste de muller é a que o está a tocar, unha pecadora.»

Xesús tomou a palabra e díxolle:

—«Simón, teño algo que che dicir.»

El contestou:

—«Pois dío, Mestre.»

Xesús díxolle:

—«Un prestamista tiña dous debedores; un debíalle cincocentos denarios, e o outro cincuenta. Como non tiñan con que lle pagar, perdooulles ós dous. Ora, ¿quen deles o amará máis?»

Respondeulle Simón:

—«Supoño que aquel a quen máis lle perdoou.»

El contestou:

—«Ben dito.»

E volvéndose cara á muller, díxolle a Simón:

—«¿Ti ves esta muller? Entrei na túa casa, e non me deches auga para os pés, pero ela regoumos coas súas bágoas e secoumos cos

seus cabelos. Non me déche-lo bico, pero ela desde que entrou non parou de me bica-los pés. Non me unxíche-la cabeza con aceite, pero ela unxiume os pés con perfume. Por iso dígoche: moitos pecados se lle perdoaron, cando mostra tanto amor; a quen pouco se lle perdoa, pouco amor mostra.»

E díxolle a ela:

—«Os teus pecados están perdoados.»

Entón os demais convidados empezaron a comentar entre eles:

—«¿Quen é este, que mesmo pretende perdoa-los pecados?»

Pero el díxolle á muller:

—«Salvoute a túa fe, vai en paz.»

Palabra do Señor.

DOMINGO XII ORDINARIO

96.-

PRIMEIRA LECTURA

Mirarán a quen crucificaron

Lectura do libro de Zacarías 12, 10-11; 13, 1

Así fala Señor:

«Estenderei sobre a casa de David e sobre os habitantes de Xerusalén un espírito de gracia e de súplica: mirarán atentamente ó meu Poderoso, a quen traspasaron.

Farán lamentación por el, coma a lamentación diante do único Deus, e chorarán amargamente por el, coma o amargurarse por un primoxénito.

No día aquel será grande a lamentación en Xerusalén coma a lamentación de Hadad-Rimón no val de Meguido.»

No día aquel haberá unha fonte de auga corrente para a casa de David e para os habitantes de Xerusalén, por mor do pecado e da inmundicia.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 62, 2abcd. 2e-4. 5-6. 8-9 (R.: 2b)

R.: De ti ten sede a miña alma, Señor, meu Deus.

Deus, o meu Deus es ti, por ti madrugo,
de ti ten sede a miña alma,
por ti devece o meu corpo,
coma terra reseca, sedenta, sen auga. R.

Miro cara a ti no santuario,
para ve-lo teu poder e a túa gloria.
A túa misericordia é preciosa máis cá vida,
lóante os meus labios. R.

Toda a miña vida hei bendicirte
levantando no teu nome as miñas mans.
Coma de graxa e manteiga, hei quedar satisfeito,
han loarte xubilosos os meus labios. **R.**

Ti e-lo meu auxilio,
á sombra das túas ás estou contento.
A miña alma está unida a ti,
abrigoume a túa destra. **R.**

SEGUNDA LECTURA

Os que fostes bautizados, revestístesvos de Cristo

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Gálatas **3, 26-29**

Irmáns:

Todos vós sodes fillos de Deus pola fe en Cristo Xesús, porque
ós que vos bautizaron en Cristo, revestíronvos de Cristo.

E acabouse todo iso de xudeus e gregos; de escravos e libres, de
homes e mulleres, pois sodes coma un só en Cristo Xesús.

Vós, pola vosa condición de cristiáns, sóde-la «descendencia» de
Abrahán, herdeiros conforme a promesa.

Palabra do Señor.

Aleluia Xn 10, 27

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

As miñas ovellas escoitan a miña voz, di o Señor;
e eu coñézoas e elas séguenme.

Aleluia.

EVANXEO

Ti e-lo Unxido de Deus. É necesario que o Fillo do Home padeza moito

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas **9, 18-24**

Unha vez que estaba Xesús en oración nun lugar apartado, acom-
pañado dos seus discípulos, preguntoulles:

—«¿Quen di a xente que son eu?»

Eles responderon:

—«Uns, que Xoán Bautista; outros, que Elías; e outros, que algún dos profetas antigos que está resucitado.»

Insistiu:

—«¿E vós quen dicides que son eu?»

Respondeu Simón Pedro:

—«O Mesías de Deus.»

Entón el prohibiulles dicir nada a ninguén. E engadiu:

—«Cómpre que o Fillo do Home padeza moito, que o rexeiten os anciáns, os sumos sacerdotes e mailos letrados, e que o executen, e que ó terceiro día resucite.»

Despois dirixiuse a todos:

—«Se alguén me quere seguir, que renuncie a si mesmo, que cargue coa cruz de cada día, e que me siga. Pois o que queira poñer a salvo a súa vida, perderaa; pero quen perda a súa vida pola miña causa, ese poñeraa a salvo.»

Palabra do Señor.